



Canón do Carballido superior

O Barranco que nas súa cabeceira forma o inicio da espiña dorsal dos barrancos da zoa. Inevitable combinación co Canón do **Carballido Intermedio**. De alto interese xeolóxico, mesturando Cuarcitas, Pizarras e afloracións de Manganeso, escondido entre a vexetación, pero de evidente emprazamento a simple vista, dada a súa pendente continua.

Moi variado no seu recorrido, continuo, de nivel técnico medio-baixo, con caudal permanente. Espectacular encontro co canón das coiteladas e co Carballido Intermedio.

Aproximación en coche.

Dende Fogoso do Courel, subida dirección Noroeste, tomando este punto como **km 0** o camiño ascendente dirección Colexio Público de Folgoso do Courel, continuar en ascenso hasta curva pronunciada dirección dereita e seguir camiño dirección **Monte Pía Paxaro** hasta **km 2,5** en onde se aparcará o coche nas proximidades da curva pronunciada a esquerda. Ese punto será o punto equilibrado para ter un cómodo retorno dende os barrancos da zona.

Acceso .

Tras 20/25 minutos de marcha a pé en subida, (no seu último tramo mais pronunciada) por pista ancha e clara, vemos con nitidez o inicio do barranco que se sitúa a nosa dereita, podendo ver de fronte na outra vertente o Canón das Coiteladas, e na curva pechada a dereita entramos na conca para iniciar de inmediato o descenso.

Descenso.

Estreito no sei primeiro tramo entre a vexetación, debemos ter en conta o caudal para progresar no primeiro tramo con precaución, instalar corda nos destrepes dubidosos, e na aproximación o primeiro rápel de envergadura **R 14**.

A partir de ese punto sucesión de rápeles evidentes e algún en rampa, ata chegar o tramo final con un **R 22** moi vertical e acuático, que nos dá paso a unha pequena progresión horizontal e chegada o fermoso **R 15** final que desemboca no **CARBALLIDO INTERMEDIO**, que por forza debemos realizar. Sumar 2 hrs. máis a este recorrido.

Materiais:

Neopreno completo / 2 cordas de 25 m / bagas de anclaxe / descendedor.
Descenso equipado con anclaxes químicos e parabolts con Fixe2

Tempos:

Aproximación desde Folgoso en coche 5 min. Entrada no río 30 min.
Descenso 2 horas + 2 horas de Carballido Intermedio.
Escape final 25 min.
Necesario solo coche.